


TRABALLO DE DIALECTOLOXÍA



Para realizar este traballo deberás escoller entre unha destas opcións.

OPCIÓN 1:

Escolle **3 audios** da páxina do Arquivo do Galego Oral (<https://ilg.usc.es/ago>), **un de cada bloque** lingüístico: un exemplo do occidental, un do central e outro do oriental.

Escoita e le as súas transcricións con atención, **identificando todos os trazos** dialectais que atopes.

Para comezas o traballo, deberás redactar unha breve **introdución** coa información máis relevante do arquivo: sexo e idade do informante, lugar e

tema da conversa. A continuación, elaborarás un parágrafo onde expliques os seus trazos **fonéticos**, outro para os **morfosintácticos** e, se fose o caso, outro para o **léxico** dialectal.

Importante: para cada trazo analizado debes achegar polo menos **dous exemplos** do texto. Poe exemplo: “Neste texto como trazos fonéticos observamos a presenza da gheada (*ghato, ghomitei*) e do seseo implosivo (*des, lus*)”.

Como **conclusión**, indicarás o **bloque e/ou área** á que pertence a gravación, e se cumpre cos trazos de referencia dese bloque.

OPCIÓN 2:

Para este proxecto, poñeraste na pel **dun/dunha lingüista** que quere **investigar a fala de Vigo**. Deberás escoller unha persoa que **nacese en Vigo** e teña **máis de 65 anos** para facerlle a enquisa da páxina seguinte.

Para iso, cómpre que lle insistas en que **non se trata dun exame**, polo que debe falar de **forma natural**, como usaría a lingua a diario, e que **prestes atención** ás súas respostas, para deixar constancia na enquisa de se usa seseo, gheada etc.

Antes de comezar, debes completar os datos da cabeceira.


Importante: Este traballo **pode facerse en parella**, pero a condición é que debes entrevistar a dúas persoas e redactar un parágrafo onde compares os resultados das dúas enquisas.

Enquisa dialectolóxica da área de Vigo

LUGAR	PARROQUIA	CONCELLO	NOME INFORMANTE	ANO NACEMENTO	ESTUDOS	OFICIO	NOME INVESTIGADOR/A
		Vigo					

TRAZOS FONÉTICOS

1. Como lle chamas a esta parte do muíño?



- E a un dos últimos dentes que nacen?



unha _____

2. Que é isto?



_____ (Debes fixarte na pronuncia).

3. Cal é o último día da semana?

_____ (Debes fixarte na pronuncia).

4. Despois do 9 veñen os números... _____ , _____ , _____ ,
_____ ... (Debes fixarte na pronuncia).

5. Que paxaro é este (femia)? Tamén é unha palabra utilizada para tratar a alguén de forma cariñosa (*miña...*).



unha _____

6. Como se chama este material procedente da pel dos animais co que se fan accesorios coma bolsos etc.?



7. E estes lugares, onde se ía lavar a roupa?



8. Cando queres preguntar se choverá...

- a. Choverá hoxe?
- b. Choverá huxe?
- c. Choverá hose?

TRAZOS MORFOSINTÁCTICOS

9. Completa estas frases:

- a. Un calcetín, dous _____
- b. Un pantalón, dous _____
- c. Un animal, dous _____

10. Como dis estes verbos? (Fíxate nas vogais)

- a. Cando alguén tropeza, _____ no chan.
- b. Non subas a esa escada, que podes _____.

11. Cal é a diferenza?

- a. **Nós** mañá non traballamos, pero **nosoutros** temos que ir igualmente á reunión da tarde.

- b. **Vosoutros** non me vistes, pero **vós** si.
-

12. Indica cal ou cales usarías ti:

- a. Faloume disto e daquilo.
- b. Falamos desto e daquelo.
- c. Acórdaste diso?
- d. Acórdaste deso?

13. Cando ves que se achega unha persoa ao lonxe, dis...

- a. Aí vén!
- b. Aí a vén!

14. Di cales che soan ben:

- a. Mireite onte pola rúa.
- b. Xa veremos onde ir de vacacións.
- c. Mirámonos sen entender ben.
- d. Xa mirei a película que me recomendaches.
- e. Non te vexo. Onde estás?

15. Di cal utilizas:

- a. Vós cantandes nesa orquestra?
- b. Vós cantades nesa orquestra?
- c. Se marchades agora, chegandes en 5 minutos.
- d. Se marchades agora, chegades en 5 minutos.

16. Di cal utilizas:

- a. Cando téñades tempo, falamos.
- b. Canfo teñades tempo, falamos.
- c. Cando fághamos unha festa, avisámosvos.
- d. Cando faghamos unha festa, avisámosvos.

17. Cando queres saber se alguén andou moito, como dis?

- a. Andaches moito?
- b. Andache moito?

- c. Andaches muito?
- d. Andache muito?

18. Como dirías?

- a. Xa vos truxen o regalo.
- b. Xa vos truíxen o regalo.
- c. Xa vos trouxen o regalo.
- d. Xa vos trouguen o regalo.

19. Di se empregas estas formas, ou se as tes oído:

- a. Esas sabas *queren lavadas*. _____
- b. Crúzanse polo medio da estrada sen mirar, coma se *quixesen mortos*. _____

TRAZOS LÉXICOS

20. Sabes o que é unha quirincosta?

21. Como lle chamas a estes animais e plantas?

 _____	 _____
 _____	 _____
  _____	

22. De que outra maneira dirías que alguén é “moi moi parvo”:

- a. rao parvo
- b. rau parvo
- c. Outras: parvísimo, _____

23. Que é un peleiro?

24. Como dis cando algo ule moi ben? _____

25. E cando ule moi mal? _____

ENTREVISTA GRAVADA

Agora, se tes o seu permiso, podes gravar a resposta do informante a algunha destas preguntas. Tamén ti podes facerlle preguntas sobre o que che vaia dicindo, para orientar a conversa.

- a. Como se moceaba (ligaba) antes?
- b. Que diferenza observas entre a infancia de agora e a de antes?
- c. Como cambiou a zona de Vigo desde que ti naciches?

Observacións:
